

O MUNDO DOS MORTOS

O reino de Hades

A relixión antiga non daba resposta ás preguntas sobre a vida despois da morte: as almas dos mortos ían ao Hades, un lugar situado baixo terra, profundo, escuro e amplísimo gobernado polo deus Hades (Plutón). Alí vagaban como sombras, esquecidas da vida anterior, alimentándose das ofrendas e libacións¹ que lles fixeran os familiares, de aí a necesidade de cumprir os ritos sagrados

Antes de chegar ao mundo das sombras tiñan que cruzar a Lagoa Estixia na barca de Caronte que cobraba polo seu servizo; por iso os gregos colocaban unha moeda de óbolo na boca do defunto. Unha vez que atravesaban as negras augas, chegaban á porta do pazo de Hades, custodiada por un can de tres cabezas que deixaba pasar a todos pero non saír, Cerbero.

No mundo dos mortos había un tribunal presidido por Hades e Perséfone (Proserpina): as almas dos heroes ían aos Campos Elíseos; os que cometeran terribles faltas contra os deuses, sufrían tormentos eternos (coma Ixión, Sísifo e Tántalo).

O ritos

Tanto en Grecia coma en Roma, o mesmo que sucede noutras civilizacións, existiron ritos funerarios que servían dar saída á pena e dor ante a perda dun ser querido ao tempo que eran a manifestación do respecto ante o mundo dos mortos.

O enterro era un ritual imprescindible para os antigos gregos e romanos, un deber ineludible: de non ser cumprido ese ritual, condenábase o defunto a que a súa alma andase errante e mesmo atormentase os familiares.

En Grecia, nun principio usábase a incineración² ou cremación nunha pira funeraria gardando as cinzas nunha urna pero co tempo competiu coa inhumación: o corpo depositábase sobre un sarcófago ou un leito de follas xunto cos obxectos persoais; a tumba cubríase con terra e unha lousa ou estela co seu nome e ás veces algún dato máis.

En Roma a incineración era moi cara, polo que quedaba reservada para os máis ricos. O morto queimábase nunha pira cos seus obxectos persoais. O familiar máis próximo abríalle os ollos e prendía lume á pira³. Durante a cremación, os presentes viraban a cabeza cara a esquerda como sinal de loito. Ao remate, apagábase o lume con viño, recollíanse os ósos, que untaban con mel e ungüentos, e as cinzas; colocaban todo nunha urna que metían nun nicho cos datos do defunto. A inhumación era o ritual para xente menos rica, pobres e escravos pero co cristianismo normalizouse o seu uso. Enriba do lugar no que se sepultaba o defunto, colocábase unha inscrición funeraria que adoitaba levar, ademais dos datos do defunto, as siglas DMS, *consagrado ou dedicado aos Deuses Manes*. As ánforas servían ás veces para soterrar os meniños.

Era costume soterrar os restos fóra das murallas da cidade, á beira dos camiños.

Os romanos crían que unha vez ao ano as almas dos defuntos regresaban ás casas nas que viviran. Para afastalos, o *paterfamilias*, ou cabeza de familia, a media noite realizaba un ritual: coas mans limpas e despois de invocar os espíritos guindaba fabas ás costas sen virarse, mentres que os espíritos as recollían.

1 Ritual que consiste en derramar un líquido, coma aceite, viño, mel ou perfume, en ofrenda a un deus ou espírito. Podíase facer nun altar ou directamente na terra.

2 Incinerar=cremar. Queimar un cadáver.

3 Uma **pira** (do grego: πυρά, pyrá, de πυρ, pýr, fogo) é unha estrutura, en xeral feita de madeira, onde se queima o corpo humano como parte dun ritual funerario).